

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE ABRIL DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de abril de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local, do 22/11/2023, denegatorio de licenza urbanística para a legalización de obras de reforma e cambio de uso na edificación existente sita na estrada da Coruña, núm. 60-62 (2024/P014/000006).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. renuncia á licenza urbanística 494/2019, a cal se outorgou por acordo da Xunta de Goberno Local, do 04.07.2019, para construír unha vivenda unifamiliar en Vilar, número 30 - Meilán.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación no contratación da renovación de licenzas do sistema de cita previa e mantemento do sistema de xestión de colas (exp. ref. 2024/C004/000005).

Tamén se acorda a adxudicación na contratación dun servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación en defensa en xuízo (exp. ref. 2024/C003/000001).

Así mesmo, acórdase a delegación de competencias no Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación cos contratos e autorizacións de dominio público co gallo da celebración do Arde Lucus.

Do mesmo xeito, acórdase a delegación de competencias no Tenente de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac152465578675098110.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-4-2024

Alcaldesa Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos para a contratación dunha operación de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos do ano 2024.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de impresión de recibos non domiciliados do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación (exp. ref. 2024-C003-000013).

4. FOMENTO.- Acórdase a aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio entre o Concello de Lugo e a Entidade Frisques, S.L.U., para a realización do Arde Lucus 2024.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2021).

Tamén se acorda a aplicación do incremento retributivo complementario do 0,5% vinculado á evolución do Pib para o ano 2023.

Acórdase a rectificación do acordo 15/56 bases específicas para a cobertura dunha praza de oficial cociñeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2) en quenda de promoción interna (OEP 2021), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024.

Tamén se acorda a rectificación do acordo 14/116 bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial condutor/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2022), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024.

Do mesmo xeito, acordase a rectificación do acordo 9/92 bases específicas para a cobertura dunha praza de oficial fontaneiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2) en quenda de promoción interna (OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024.

Así mesmo, acórdase a rectificación do acordo 8/91 bases específicas para a cobertura dunha praza de oficial maquinista fontaneiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2) en quenda de promoción interna (OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024.

Tamén se acorda a rectificación do acordo 10/129 bases específicas para o acceso en propiedade de 3 prazas de técnico/a medio/a de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción

interna (1 pertencente á oep de 2022 e 2 pertencentes á oep de 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.